

# CONCRECIÓN CURRICULAR

**CEIP NAZARET**

**CURSO 2022-23**

# CONCRECIÓN CURRICULAR CEIP NAZARET

---

## ÍNDICE

Referencia normativa e Elementos da Concreción Curricular	3
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	4
b) A contribución á adquisición das competencias	6
c) Os criterios para incorporar elementos transversais	14
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	15
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	18
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	18
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	19
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	19
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	21
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	22
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	25
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas, que incluírán un modelo de programación e de resumo para o alumnado e as familias	25
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	26
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	26

# CONCRECIÓN CURRICULAR CEIP NAZARET

---

Como se recolle no artigo 13 do *DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia* e no artigo 14 do *DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*, a **concreción curricular** é o marco que establece o claustro de profesorado cos criterios e as decisións para orientar o desenvolvemento do currículo por parte do profesorado e a coordinación interdisciplinaria por parte dos órganos de coordinación didáctica, para garantir a coherencia na actuación docente. A concreción curricular da etapa incluirá, como mínimo, os seguintes elementos:

- a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro**
- b) A contribución á adquisición das competencias**
- c) Os criterios para incorporar elementos transversais**
- d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía**
- e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos**
- f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso**
- g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias**
- h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso**
- i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso**
- j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación**
- k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso**
- l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas, que incluirán un modelo de programación e de resumo para o alumnado e as familias**
- m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas**
- n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular**
- ñ) Outros apartados**

## **a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro**

A **Educación Infantil** contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas
- e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
- i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

A **Educación Primaria** contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza nun mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non - discriminación de persoas con discapacidade.

## CONCRECIÓN CURRICULAR CEIP NAZARET

---

- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua castelá e a lingua cooficial da comunidade autónoma, e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas, e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, das ciencias sociais, da xeografía, da historia e da cultura.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- l) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- m) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- n) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar xeitos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- ñ) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- o) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- p) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

## **b) A contribución á adquisición das competencias**

Na etapa de Ed. Infantil non existe xerarquía entre as distintas competencias, xa que se consideran todas igualmente importantes, ademáis se solapan e entrelazan. Teñen polo tanto, carácter transversal e todas se adquiren e desenvolven a partir das aprendizaxes que se producen nas distintas áreas. Este carácter transversal das competencias favorece o enfoque globalizado propio da etapa.

Na etapa de educación primaria o desenvolvemento das competencias abordarase desde todas as áreas curriculares de xeito interdisciplinar. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

As competencias que debemos desenvolver son as seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- Competencia Plurilingue (CP).
- Competencia matemática e competencias en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (CMCTE) (STEM).
- Competencia dixital (CD).
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- Competencia cidadá (CC).
- Competencia emprendedora (CE).
- Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC).

# CONCRECIÓN CURRICULAR CEIP NAZARET

## ➤ Competencia en comunicación lingüística (CCL).

A competencia en comunicación lingüística supón interactuar de forma oral, escrita, signada ou multimodal de maneira coherente e adecuada en diferentes ámbitos e contextos e con diferentes propósitos comunicativos.

Descritores operativos
Co axeitado desenvolvemento desta competencia, ao completar a educación primaria, a alumna ou o alumno...
CCL1. Expresa feitos, conceptos, pensamentos, opinións ou sentimentos de forma oral, escrita, signada ou multimodal, con claridade e adecuación a diferentes contextos cotiáns da súa contorna persoal, social e educativa, e participa en interaccións comunicativas con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para intercambiar información e crear coñecemento como para construír vínculos persoais.
CCL2. Comprende, interpreta e valora textos orais, escritos, signados ou multimodais sinxelos dos ámbitos persoal, social e educativo, con acompañamento puntual, para participar activamente en contextos cotiáns e para construír coñecemento.
CCL3. Localiza, selecciona e contrasta, co debido acompañamento, información sinxela procedente de dúas ou máis fontes, avaliando a súa fiabilidade e utilidade en función dos obxectivos de lectura, e intégraa e transfórmaa en coñecemento para comunicala adoptando un punto de vista creativo, crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual.
CCL4. Le obras diversas adecuadas ao seu progreso madurativo, seleccionando aquelas que mellor se axustan aos seus gustos e intereses; recoñece o patrimonio literario como fonte de gozar e de aprendizaxe individual e colectivo; e mobiliza a súa experiencia persoal e lectora para construír e compartir a súa interpretación das obras e para crear textos de intención literaria a partir de modelos sinxelos.
CCL5. Pon as súas prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a xestión dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, e detecta os usos discriminatorios, así como os abusos de poder, para favorecer a utilización non só eficaz senón tamén ética dos diferentes sistemas de comunicación.

# CONCRECIÓN CURRICULAR CEIP NAZARET

## ➤ Competencia Plurilingüe (CP).

A competencia plurilingüe implica utilizar distintas linguas, orais ou signadas, de forma apropiada e eficaz, para a aprendizaxe e a comunicación. Esta competencia supón recoñecer e respectar os perfís lingüísticos individuais e aproveitar as experiencias propias para desenvolver estratexias que permitan mediar e facer transferencias entre linguas, incluídas as clásicas, e, de ser o caso, manter e adquirir destrezas na lingua ou linguas familiares e nas linguas oficiais.

Descritores operativos
Ao completar a educación primaria, a alumna ou o alumno...
CP1. Usa, polo menos, unha lingua, ademais da lingua ou linguas familiares, para responder a necesidades comunicativas sinxelas e predicibles, de maneira adecuada tanto ao seu desenvolvemento e intereses como a situacións e contextos cotiáns dos ámbitos persoal, social e educativo.
CP2. A partir das súas experiencias, recoñece a diversidade de perfís lingüísticos e experimenta estratexias que, de maneira guiada, lle permiten realizar transferencias sinxelas entre distintas linguas para comunicarse en contextos cotiáns e ampliar o seu repertorio lingüístico individual.
CP3. Coñece e respecta a diversidade lingüística e cultural presente na súa contorna, e recoñece e comprende o seu valor como factor de diálogo, para mellorar a convivencia.

## ➤ Competencia matemática e competencias en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (CMCTE)

A competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (competencia STEM, polas súas siglas en inglés) entraña a comprensión do mundo utilizando os métodos científicos, o pensamento e representación matemáticos, a tecnoloxía e os métodos da enxeñaría para transformar a contorna de forma comprometida, responsable e sustentable.

Descritores operativos
Ao completar a educación primaria, a alumna ou o alumno...
STEM1. Utiliza, de maneira guiada, algúns métodos indutivos e dedutivos propios do razoamento matemático en situacións coñecidas, e selecciona e emprega algunhas estratexias para resolver problemas reflexionando sobre as solucións obtidas.



## CONCRECIÓN CURRICULAR CEIP NAZARET

STEM2. Utiliza o pensamento científico para entender e explicar algúns dos fenómenos que ocorren ao seu arredor, confiando no coñecemento como motor de desenvolvemento, utilizando ferramentas e instrumentos adecuados, facéndose preguntas e realizando experimentos sinxelos de forma guiada.

STEM3. Realiza, de forma guiada, proxectos, e deseña, fabrica e avalía diferentes prototipos ou modelos, adaptándose ante a incerteza, para xerar en equipo un produto creativo cun obxectivo concreto; e procura a participación de todo o grupo e resolve pacificamente os conflitos que poidan xurdir.

STEM4. Interpreta e transmite os elementos máis relevantes dalgúns métodos e resultados científicos, matemáticos e tecnolóxicos de forma clara e veraz, utilizando a terminoloxía científica apropiada, en diferentes formatos (debuxos, diagramas, gráficos, símbolos...) e aproveitando de forma crítica, ética e responsable a cultura dixital para compartir e construír novos coñecementos.

STEM5. Participa en accións fundamentadas científicamente para promover a saúde e preservar o ambiente e os seres vivos, aplicando principios de ética e seguridade e practicando o consumo responsable.

### ➤ Competencia dixital (CD).

A competencia dixital implica o uso seguro, saudable, sustentable, crítico e responsable das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe, para o traballo e para a participación na sociedade, así como a interacción con estas.

Descritores operativos

Ao completar a educación primaria, a alumna ou o alumno...

CD1. Realiza procuras guiadas na internet e fai uso de estratexias sinxelas para o tratamento dixital da información (palabras clave, selección de información relevante, organización de datos...) cunha actitude crítica sobre os contidos obtidos.

## CONCRECIÓN CURRICULAR CEIP NAZARET

CD2. Crea, integra e reelabora contidos dixitais en distintos formatos (texto, táboa, imaxe, audio, vídeo, programa informático...) mediante o uso de diferentes ferramentas dixitais para expresar ideas, sentimentos e coñecementos, respectando a propiedade intelectual e os dereitos de autor dos contidos que reutiliza.

CD3. Participa en actividades ou proxectos escolares mediante o uso de ferramentas ou plataformas virtuais para construír novo coñecemento, comunicarse, traballar cooperativamente e compartir datos e contidos en contornas dixitais restrinxidas e supervisados de maneira segura, cunha actitude aberta e responsable ante o seu uso.

CD4. Coñece os riscos e adopta, coa orientación do docente, medidas preventivas ao usar as tecnoloxías dixitais para protexer os dispositivos, os datos persoais, a saúde e o ambiente, e iníciase na adopción de hábitos de uso crítico, seguro, saudable e sustentable das devanditas tecnoloxías.

CD5. Iníciase no desenvolvemento de solucións dixitais sinxelas e sustentables (reutilización de materiais tecnolóxicos, programación informática por bloques, robótica educativa...) para resolver problemas concretos ou retos propostos de maneira creativa, e solicita axuda en caso necesario.

### ➤ Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).

A competencia persoal, social e de aprender a aprender implica a capacidade de reflexionar sobre un mesmo para autoconñecerse, aceptarse e promover un crecemento persoal constante; xestionar o tempo e a información eficazmente, colaborar con outros de forma construtiva, manter a resiliencia e xestionar a aprendizaxe ao longo da vida.

Descritores operativos

Ao completar a educación primaria, a alumna ou o alumno...

CPSAA1. É consciente das propias emocións, ideas e comportamentos persoais e emprega estratexias para xestionalas en situacións de tensión ou conflito, adaptándose aos cambios e harmonizándoos para alcanzar os seus propios obxectivos.

## CONCRECIÓN CURRICULAR CEIP NAZARET

CPSAA2. Coñece os riscos máis relevantes e os principais activos para a saúde, adopta estilos de vida saudables para o seu benestar físico e mental, e detecta e busca apoio ante situacións violentas ou discriminatorias.

CPSAA3. Recoñece e respecta as emocións e experiencias das demais persoas, participa activamente no traballo en grupo, asume as responsabilidades individuais asignadas e emprega estratexias cooperativas dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.

CPSAA4. Recoñece o valor do esforzo e a dedicación persoal para a mellora da súa aprendizaxe e adopta posturas críticas en procesos de reflexión guiados.

CPSAA5. Planea obxectivos a curto prazo, utiliza estratexias de aprendizaxe autorregulada e participa en procesos de auto e coavaliación, recoñecendo as súas limitacións e sabendo buscar axuda no proceso de construción do coñecemento.

### ➤ Competencia cidadá (CC).

A competencia cidadá contribúe a que alumnas e alumnos poidan exercer unha cidadanía responsable e participar plenamente na vida social e cívica, baseándose na comprensión dos conceptos e nas estruturas sociais, económicas, xurídicas e políticas, así como no coñecemento dos acontecementos mundiais e no compromiso activo coa sustentabilidade e co logro dunha cidadanía mundial.

#### Descritores operativos

Ao completar a educación primaria, a alumna ou o alumno...

CC1. Entende os procesos históricos e sociais máis relevantes relativos á súa propia identidade e cultura, reflexiona sobre as normas de convivencia e aplícaas de maneira construtiva, dialogante e inclusiva en calquera contexto

CC2. Participa en actividades comunitarias, na toma de decisións e na resolución dos conflitos de forma dialogada e respectuosa cos procedementos democráticos, os principios e valores da Unión Europea e a Constitución española, os dereitos humanos e da infancia, o valor da diversidade e o logro da igualdade de xénero, a cohesión social e os obxectivos de desenvolvemento sustentable.

## CONCRECIÓN CURRICULAR CEIP NAZARET

CC3. Reflexiona e dialoga sobre valores e problemas éticos de actualidade, comprendendo a necesidade de respectar diferentes culturas e crenzas, de coidar a contorna, de rexeitar prexuizados e estereotipos, e de opoñerse a calquera forma de discriminación ou violencia.

CC4. Comprende as relacións sistémicas entre as accións humanas e a contorna e iníciase na adopción de estilos de vida sustentables, para contribuír á conservación da biodiversidade desde unha perspectiva tanto local como global.

### ➤ Competencia emprendedora (CE).

A competencia emprendedora implica desenvolver un enfoque vital dirixido a actuar sobre oportunidades e ideas, utilizando os coñecementos específicos necesarios para xerar resultados de valor para outras persoas.

#### Descritores operativos

Ao completar a educación primaria, a alumna ou o alumno...

CE1. Recoñece necesidades e retos que afrontar e elabora ideas orixinais, utilizando destrezas creativas e tomando conciencia das consecuencias e efectos que as ideas puidesen xerar na contorna, para propoñer solucións valiosas que respondan ás necesidades detectadas.

CE2. Identifica fortalezas e debilidades propias utilizando estratexias de autoconhecimento e iníciase no coñecemento de elementos económicos e financeiros básicos, aplicándoos a situacións e problemas da vida cotiá, para detectar aqueles recursos que poidan levar as ideas orixinais e valiosas á acción.

CE3. Crea ideas e solucións orixinais, planifica tarefas, coopera con outros en equipo, valorando o proceso realizado e o resultado obtido, para levar a cabo unha iniciativa emprendedora, considerando a experiencia como unha oportunidade para aprender.

# CONCRECIÓN CURRICULAR CEIP NAZARET

---

## ➤ Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

A competencia en conciencia e expresión culturais supón comprender e respectar o modo en que as ideas, as opinións, os sentimentos e as emocións se expresan e se comunican de forma creativa en distintas culturas e por medio dunha ampla gama de manifestacións artísticas e culturais.

Descritores operativos
Ao completar a educación primaria, a alumna ou o alumno...
CCEC1. Recoñece e aprecia os aspectos fundamentais do patrimonio cultural e artístico, comprendendo as diferenzas entre distintas culturas e a necesidade de respectalas.
CCEC2. Recoñece e interésase polas especificidades e intencionalidades das manifestacións artísticas e culturais máis destacadas do patrimonio, identificando os medios e soportes, así como as linguaxes e os elementos técnicos que as caracterizan.
CCEC3. Expresa ideas, opinións, sentimentos e emocións de forma creativa e cunha actitude aberta e inclusiva, empregando distintas linguaxes artísticas e culturais, integrando o seu propio corpo, interactuando coa contorna e desenvolvendo as súas capacidades afectivas.
CCEC4. Experimenta de forma creativa con diferentes medios e soportes, e diversas técnicas plásticas, visuais, audiovisuais, sonoras ou corporais, para elaborar propostas artísticas e culturais.

### **c) Os criterios para incorporar elementos transversais**

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das áreas da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento traballaranse en todas as áreas. De igual modo, traballaranse a igualdade de xénero, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual. Así mesmo, poñerase especial atención á educación emocional e en valores e á potenciación da aprendizaxe significativa para o desenvolvemento das competencias transversais que promovan a autonomía e a reflexión.

Educación para a convivencia:

O feito de que a propia escola sexa o lugar de encontro entre persoas distintas que forman unha comunidade e cuxos intereses non sempre son harmónicos, fai da escola un lugar idóneo para poder aprender por propia experiencia esa actitudes básicas e necesarias para unha convivencia realmente libre, solidaria, democrática e participativa.

Por outro lado, a construción de actitudes que estimulen ao diálogo como vía de resolución de conflitos entre persoas ou grupos será o noso obxectivo básico.

Educación para a saúde:

Promovendo unha alimentación adecuada (sobre todo nas merendas que traen ao centro) e fomentar un exercicio que sexa adecuado e estruturada para promover unha boa calidade de vida.

Educación ambiental:

Se traballamos o espazo natural como algo realmente noso teremos que ensinar a coidalo, tendo un coidado minucioso do entorno e unha actitude respectuosa por todo o relacionado co medio natural. A horta é un espazo ideal para que o noso alumnado experimente ditos valores de xeito real. Nesta mesma liña, no centro promovemos a reciclaxe contando con papeleiras para os distintos materiais de refugallo en todas as aulas.

Educación intercultural:

Contribuíndo a que todos os nosos alumnos/as, independentemente da súa orixe, aprendan a convivir na nosa escola como espazo democrático, preparándoos para a vida futura e mellor inserción social.

Procurando fomentar valores e principios que sosteñan unha vida pacífica fora de racismos e intolerancias e programando as nosas actividades aproveitando a enorme riqueza e diversidade cultural coa que contamos.

# CONCRECIÓN CURRICULAR CEIP NAZARET

---

## Coeducación:

Herdada dunha estrutura social e familiar hai un tratamento desigual dos nenos/as na escola, sempre reflexo do que ocorre na sociedade.

Polo tanto modificaremos hábitos discriminatorios por sexo e procuraremos actividades e tarefas cooperativas asignando responsabilidades dentro do grupo por igual. Non se levarán a cabo actividades, celebración ou proxectos que segreguen polo sexo do noso alumnado.

## Educación para a convivencia:

Nestas idades os conflitos de relación son bastante frecuentes. Os roces, os choques, os enfados fan que as veces xurdan belixerantes relacións. Coas nosas actividades debemos encouzar estas situación para dar a posibilidade de solucionarlas polo camiño da aceptación dos erros, da comprensión ou da palabra fronte á agresividade. Como nos últimos anos seguiremos abogando pola mediación, xestionada e levada a cabo en primeira instancia polos alumnos e quedando en segundo termo o profesorado como vía de resolución de conflitos.

## Cultura galega:

O coñecemento e práctica de actividades que favorezan un acercamento á comprensión e respecto das peculiaridades do noso país. Temos o noso centro encravado nunha vila mariñeira, cunha contorna que nos ofrece unha infinidade de recursos, actividades e manifestacións culturais de todo tipo que temos a obriga de transmitir a nosa comunidade educativa.

## **d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía**

Pretendemos que o noso modelo de educación sexa integral favorecendo o desenvolvemento de capacidades, valores e procedementos na aprendizaxe do neno/a. Deste xeito, convertémonos nun mestre/a mediador/a que trata de que os nosos alumnos/as desenvolvan as súas capacidades e valores.

Todo isto dentro dunha aprendizaxe global que busca a integración do maior número de aspectos posibles recollidos dentro dos diferentes núcleos de contidos, relacionando coñecementos, procedementos e actitudes.

No noso traballo diario utilizaremos os modelos metodolóxicos que consideremos mellores para adquirir os nosos obxectivos. Entre estes modelos destacamos:

- Discurso expositivo
- Discurso de experiencias

# CONCRECIÓN CURRICULAR CEIP NAZARET

---

- Obradoiros
- Aprendizaxe cooperativa
- Traballo por tarefas
- Traballo por proxectos

Como principios metodolóxicos teremos en conta:

- Actividade e experimentación.
- Motivación.
- Inclusión.
- Significatividade.
- Globalización.
- Participación.
- Personalización.
- Interacción.
- Funcionalidade.
- Avaliación formativa.

-Poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica das medidas precisas para paliar as necesidades en canto se detecten.

- A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

- A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus distintos ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

- A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade dos/das alumnos/as, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos/as eles/ as e máis unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.

- Prestaráselles especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e das alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar.

- Os mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

- Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan



# CONCRECIÓN CURRICULAR CEIP NAZARET

---

ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Tamén cabe destacar que a acción docente que se leve a cabo no centro debe ser o resultado dunha coordinación permanente do profesorado e dun contacto directo e constante co departamento de orientación, co fin de lograr un axeitado desenvolvemento do proceso educativo e que exista unha liña de traballo en común.

Por outra banda, no noso centro queremos poñer especial importancia na convivencia e na ampliación dos círculos sociais do alumnado, polo que consideramos moi beneficioso e necesario o reagrupamento do alumnado ao remate de cada ciclo (infantil e primaria).

Ao finalizar a educación infantil e o segundo e cuarto niveis de educación primaria, o profesorado que impartiu clases neses cursos, o persoal do departamento de orientación e o equipo directivo, realizará unha distribución equitativa do alumnado nos dous grupos do mesmo nivel atendendo aos seguintes criterios psicopedagóxicos:

**1. Alumnado con necesidade específica de apoio educativo (AcNEAE)** Procuraremos igual ou similar número de **AcNEAE** por aula, intentaremos que as máis graves estean coa menor ratio posible e terase en conta as orientacións do DO e do EOE se as houbese

a) NEE: discapacidade física, intelectual, sensorial, trastornos disruptivos e da conduta, TEA, trastorno de Rett, trastorno da personalidade, trastornos da conduta alimentaria, plurideficiencia.

b) Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe: Trastorno de lectura, escritura, cálculo...

c) Alumnado con especiais condicións persoais ou de historia escolar: Dificultades psicolingüísticas: Específicas da lingua, articulatoria, trastornos da comunicación, retraso madurativo, atención domiciliaria, en desvantaxe socio-educativa...

d) Alumnado con trastornos por déficit de atención e/ou hiperactividade

e) Alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo (so para primaria)

f) Alumnado de altas capacidades

**2. Alumnado de nova incorporación ao centro.**

**3. Alumnado masculino e feminino.** Equidade entre o número de nenas e nenos.

**4. Alumnado que non promociona.** Ter en conta o Número de alumnado que non promociona así como o alumnado con baixa competencia curricular

5. **Alumnado que presenta problemas de convivencia:** de conduta, comportamento, actitudes ante a aprendizaxe, desmotivación...

6. **Alumnado xeral.** Permitir sempre no alumnado, unha estabilidade emocional, mantendo algún compañeiro de referencia ou do seu círculo máis cercano, nos casos que o cambio supoña un exceso de esforzo de adaptación ao novo medio.

Esta reorganización manterase, polo menos dous cursos, ata cumprir un ciclo enteiro coa intención de consolidar un grupo-clase con dinámicas axeitadas e favorecer un traballo completo dun/ha mesmo/a titor/a ata o remate deste período de tempo.

## **e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos**

Os criterios de selección dos materiais curriculares que sexan adoptados polos equipos docentes seguen un conxunto de criterios homoxéneos que proporcionan resposta efectiva ás formulacións xerais de intervención educativa e ao modelo didáctico anteriormente proposto.

De tal xeito, establécense seis criterios ou directrices xerais que perfilen a análise e selección dos diferentes recursos:

1. Correspondencia dos obxectivos promovidos cos enunciados no Proxecto educativo do centro.
2. Coherencia dos contidos propostos cos obxectivos.
3. A axeitada progresión dos contidos e obxectivos, e a súa correspondencia co nivel e a estrutura interna de cada área.
4. A adecuación aos criterios de avaliación do centro.
5. A variedade das actividades e a súa potencialidade para a atención ás diferenzas individuais.
6. A claridade e amenidade gráfica e expositiva.

## **f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso**

### ***Ensinanzas de Relixión e Proxecto Competencial***

As ensinanzas de relixión incluíranse na educación primaria de acordo co establecido na disposición adicional segunda da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

O noso centro garantirá que, ao comezo do curso, as nais, os pais ou as persoas titoras legais poidan manifestar a súa vontade de que as súas fillas, os seus fillos ou as persoas que tutelén reciban ou non ensinanza de relixión.

Por outra banda, tamén disporá as medidas organizativas necesarias para que as alumnas e os alumnos cuxas nais, pais ou persoas titoras legais non optasen porque cursen ensinanzas de relixión reciban a debida atención educativa. Esta atención planificarase e programarase polo centro docente a través da Área de Proxecto Competencial, que se dirixe ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

## **g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias**

Os criterios establecidos no centro, que marcarán a selección e organización das actividades complementarias que se realicen co alumnado serán:

1. Que as actividades estean relacionadas cos contidos de cada área.
2. Que as actividades teñan en conta o establecido no currículo como conmemoracións a traballar.
3. Que as actividades reforcen os aspectos do currículo que consideremos máis interesantes cada curso.
4. Que as actividades sexan integradoras, coeducativas, globalizadas, motivadoras, que fomenten a igualdade entre ambos sexos así como a igualdade de oportunidades, a convivencia, a tolerancia, e o respecto.

**h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso.**

Ademais de deixar por escrito os plans de reforzo ou recuperación segundo o modelo facilitado polo centro, nos primeiros días de setembro programaranse reunións entre os/as mestres/as que deixan o grupo e o profesorado que os terá no novo curso para intercambiar información das características, necesidades e puntos fortes do alumnado.

Toda a práctica educativa estará enfocada á atención da diversidade. A escola, como a sociedade, acolle diversidade de persoas con características e necesidades propias. Teremos en conta a diversidade do alumnado para facer un ensino individualizado e personalizado, adaptándonos ás características propias de cada alumno/a. Traballaremos, pois, tendo en conta esa diversidade adoptando as seguintes medidas:

- Manteremos unha comunicación e relación frecuente e clara coas familias, esta é unha boa maneira de coñecer as necesidades do alumnado.
- Empregaremos distintos estilos de aprendizaxe á hora de propor tarefas, favorecendo o desenvolvemento de todas as habilidades e intelixencias do alumnado para favorecer a súa integración e inclusión
- Partiremos do nivel de cada alumno/a.
- Prestaremos atención individualizada sempre que sexa posible.
- Traballaremos as emocións con todo o grupo-clase, facéndoos pensar e dialogando ao remate das tarefas sobre o que saíu ben e o que saíu mal e buscando xuntos propostas de mellora.

En canto ás medidas con carácter curricular como o *reforzo educativo* e as *adaptacións curriculares* que se levarán a cabo con algúns/as estudantes, abordarémolas do seguinte xeito:

O **reforzo educativo** realizarase dentro da aula ordinaria polo mestre/a titor/a e, noutras ocasións, pola mestra especialista en pedagogía terapéutica (dentro da medida das súas posibilidades) ou pola mestra ou mestre de apoio. Recibirán este tipo de reforzo aqueles alumnos/as que coa modificación de elementos non prescritivos do currículo, é dicir, a secuencia de contidos, as formas e instrumentos de avaliación, a organización da aula, os agrupamentos dos alumnos/as e todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía, poden seguir o proceso ordinario de ensino/aprendizaxe, fundamentalmente nas áreas de alto contido instrumental, lingua castelá, lingua galega e matemáticas.

Por outra banda, a **adaptación curricular** (medida extraordinaria) refírese ás modificacións dun ou máis elementos prescritivos do currículo, como son obxectivos, contidos e criterios de avaliación, para atender ás necesidades educativas dun alumno/a motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal coma polas súas capacidades excepcionais. O referente de toda adaptación curricular son os obxectivos xerais da etapa, concretados no proxecto curricular do centro para cada curso. Os obxectivos poden pertencer, se é o caso, a outro curso ou etapa distinto do que cursa o alumno/a obxecto de adaptación curricular.

Os nenos/as con adaptacións curriculares recibirán apoio por parte da mestra de pedagogía terapéutica e, se é o caso, por parte da mestra de audición e linguaxe.

En todo caso intentaremos:

- Adaptarnos ás características individuais e sociais de cada alumno/a.
- Adoptar unha metodoloxía propicia á aprendizaxe para todos os alumnos/as na súa diversidade.
- Partir dunha avaliación inicial dos alumnos en cada núcleo de aprendizaxe para detectar coñecementos previos, e para facilitar a importancia do novo contido a ser aprendido.

### **i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso**

A atención aos nenos/as repetidores non debe desvirtuar o que debe ser a intención fundamental do curso, que persegue a educación integral de todos os alumnos e alumnas e que se materializa na necesaria integración de todo o alumnado.

Tomaranse medidas adecuadas ás necesidades educativas do alumnado.

Por una banda, mediante respostas de tipo curricular, que se concretan na elaboración, desenvolvemento e avaliación das adaptacións curriculares con distintos graos de significatividade.

Por outra banda, respostas organizativas, que teñen que ver coa organización dos recursos humanos e materiais do centro para atender este alumnado e coa planificación das medidas educativas máis axeitadas para asegurar o seu adecuado progreso.

## CONCRECIÓN CURRICULAR CEIP NAZARET

---

Tomaranse medidas de reforzo como os apoios nas áreas de lingua e matemáticas, e se fose necesario, as adaptacións do currículo. Ditas adaptacións realizaranse buscando o máximo desenvolvemento posible das competencias.

O Plan de Acción Tutorial tenderá a favorecer o seguimento personalizado do proceso de aprendizaxe do alumnado e establecerá medidas que permitan manter unha comunicación fluída coas familias, tanto co fin de intercambiar informacións sobre aqueles aspectos que poidan resultar relevantes para mellorar o proceso de aprendizaxe dos alumnos/as, como para orientalos e promover a súa cooperación.

Así mesmo, asegurará a coherencia educativa no desenvolvemento das programación mediante procedementos de coordinación do equipo educativo que permitan adoptar acordos sobre a avaliación e sobre as medidas que deben poñerse en marcha para responder ás necesidades detectadas.

Facilitarase a integración dos alumnos/as no seu grupo e no conxunto da dinámica da aula. Potenciarase o esforzo individual e o traballo en equipo.

Efectuarase un seguimento global da aprendizaxe dos alumnos/as para detectar dificultades e necesidades especiais e recorrer, se fose o caso, aos apoios ou actividades específicas.

### **Apoios dentro e fóra da aula.**

Favoreceranse procesos de mellora educativa a través da coordinación co equipo de apoio, realizando as adaptacións curriculares necesarias.

Estableceranse as canles de colaboración, apoio e asesoramento coas familias para o logro dun desenvolvemento integral dos seus fillos e fillas.

Convén ter un Banco de materiais de reforzo educativo sempre dispoñible na aula.

É moi importante o traballo que se pode realizar con eles dentro da aula, ademais do apoio individualizado por parte dun mestre/a de apoio especialista.

Este traballo de apoio na aula, irá encamiñado sempre á consecución das aprendizaxes definidas para todo o grupo e, coa colaboración do profesorado de apoio estableceranse Adaptacións Non Significativas que permitirán acceder aos alumnos/as ás aprendizaxes.

## **j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación**

Tomando como referencia a **Orde do 25 de xaneiro de 2022**, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

A avaliación no noso centro ten como finalidade a valoración dos procesos e dos resultados de aprendizaxe do alumnado, así como da propia práctica docente.

### **1. Criterios xerais para a avaliación do alumnado**

Criterios a ter en conta:

- Avaliación inicial onde se estableza claramente de onde partimos.
- Cualificación dos cursos anteriores e informes se os houberse, tanto no D.O. como de titores/as anteriores.
- Análise dos resultados das avaliacións.
- Observación directa do alumnado, traballo na aula, autonomía e axilidade na resolución de problemas.
- Disponibilidade horaria do profesorado para realizar apoios e reforzos e distribución equitativa dos reforzos por parte do Equipo Directivo en colaboración co Departamento de orientación.

A avaliación das competencias clave estará integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado, na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, as destrezas, as actitudes e os valores para dar resposta ás situacións expostas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora.

Para conseguir a valoración obxectiva de todo o alumnado promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.

Cando o progreso dun/dunha alumno/a non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, estas medidas están dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo. O profesorado de área comunicará ao profesorado titor/a as dificultades detectadas para a organización dos reforzos curriculares necesarios e elevarán ditas necesidades á Xefatura de Estudos, así como ao Departamento de Orientación.

# CONCRECIÓN CURRICULAR CEIP NAZARET

---

A Avaliación do alumnado con AC e referentes de avaliación realizarase segundo a súa propia adaptación e segundo os obxectivos establecidos para el/ela. A revisión da AC segundo a evolución do alumnado con adaptación realizarase unha vez oído o titor/a e seguindo as pautas do Departamento de Orientación. Revisarase a AC segundo a lexislación vixente.

## **2. Criterios para a Promoción.**

- A promoción en 1º, 3º e 5º de Educación Primaria realizarase de xeito automático.
- Ao finalizar os cursos de 2º, 4º e 6º desta etapa, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. Esta decisión será tomada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor/a.
- O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado ou os obxectivos da etapa, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes.
- Cando superase todas as áreas cursadas. Tendo en conta os contidos mínimos establecidos para cada una delas.
- Se o alumnado non acada o grao óptimo dos contidos mínimos establecidos para cada área, non superando, por tanto, algunha delas, valorarase a promoción do mesmo/a en base aos seguintes criterios:
  - A madurez do/a alumno/: desenvolvemento acadado polo/a alumno/a na súa vertente emocional, actitudinal, de identidade propia e autonomía que necesita para continuar con aproveitamento o proceso de ensinanza no ciclo ou etapa seguinte.
  - Pode seguir con éxito o curso seguinte.
  - Presenta expectativas favorables de acadar os contidos mínimos mediante a aplicación do plan de recuperación. O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non conseguira curso anterior.
  - A promoción beneficiará a súa evolución académica.
  - A actitude e o esforzo do/a alumno/a para progresar na aprendizaxe e superar as dificultades, tendo en conta a conduta do/a alumno/a dentro e fóra da aula.
  - As características, posibilidades e motivacións do alumnado en relación co que se considera a mellor opción para que poida acadar as finalidades da etapa.
  - Terase en conta a historia persoal e escolar do alumnado.



## CONCRECIÓN CURRICULAR CEIP NAZARET

---

- A conveniencia ou non da separación do/a alumno/a do grupo no que se atopa coas repercusións que esta medida poida ocasionar segundo a súa integración no grupo, as súas relacións, a súa personalidade...

A decisión da non promoción considérase unha medida excepcional, que se tomará tras esgotar o resto de medidas ordinarias e extraordinarias para resolver as dificultades de aprendizaxe. Esta decisión soamente poderá adoptarse unha vez en toda a etapa. Neste caso o equipo docente elaborará un plan específico de reforzo para que durante este curso o/a alumno/a poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Para a elaboración deste plan seguirase o establecido no *artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021*.

O alumnado que acade a **promoción de curso con algunha materia suspensa** recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.

Cabe destacar que ao finalizar os cursos de segundo e cuarto da etapa o/a titor/a emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumno/a, indicando as medidas de reforzo que se deben contemplar no ciclo seguinte.

Ao finalizar a etapa cada alumno/a disporá dun informe elaborado polo seu titor/a sobre a súa evolución e grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

### **k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso**

Os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e ás alumnas que superasen todas as áreas da etapa e obtivesen sobresaliente ao rematar educación primaria en varias delas. Ademais este alumnado debe demostrar un rendemento académico excelente, ser un/ha bo/a compañeiro/a, acadar un desenvolvemento integral e equilibrado da súa personalidade e ter unha conduta exemplar no centro.

## **l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas, que incluírán un modelo de programación e de resumo para o alumnado e as familias**

Elaboración das Programacións: Modelos recollidos na aplicación Proens.

Avaliación das Programacións:

É preciso avaliar as programacións didácticas para comprobar a súa eficacia e facer os cambios que se consideren necesarios para acadar o seu axeitado desenvolvemento.

Para avaliar a programación didáctica teranse en conta os resultados académicos dos alumnos/as e a propia marcha do proceso de ensino e aprendizaxe.

Esta avaliación realizarase despois de cada sesión de avaliación dos alumnos, é dicir, unha vez por trimestre polo menos. Algúns dos aspectos a avaliar serán: a coherencia da programación, a correcta distribución dos contidos ao longo dos trimestres, o axeitado dos tempos e espazos co que se pretende conseguir, a validez da metodoloxía empregada, a adaptación á diversidade do alumnado, a capacidade para motivar ao alumnado, a axeitada elección e emprego dos materias didácticos, as canles de colaboración coas familias e a coordinación cos distintos plans e proxectos do centro.

Cada mestre decidirá os instrumentos que utilizará para levar a cabo a avaliación da súa programación.

## **m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas**

Os centros docentes, dentro do marco establecido polas administracións educativas, desenvolven a súa autonomía pedagóxica e organizativa levando a cabo entre outras prácticas, plans e proxectos reflectidos no seu Proxecto Educativo.

Ademais o noso centro participa noutros programas que, de xeito anual, son ofertados pola Consellería de Educación e outras entidades. Exemplos: Plambe, Edixgal, Contratos Programa, Plan Proxecta, Polos creativos, etc.

Os criterios de participación son:

- Conseguir unha escola plural na que os conflitos se resolvan por medio do diálogo.
- A colaboración de xeito interdisciplinar mediante tarefas nas distintas áreas
- Conseguir lectores e lectoras eficientes.
- Desenvolver unha acción orientadora no proceso educativo do alumnado, tanto individual como colectivamente.

## CONCRECIÓN CURRICULAR CEIP NAZARET

---

### **n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular**

A revisión e a avaliación desta concreción curricular realizarase periodicamente de xeito anual, mantendo así dito documento actualizado fronte ás modificacións que sexa preciso realizar. Actualizarase o seu contido atendendo a posibles cambios legislativos que vaian xurdindo. A avaliación da concreción curricular terá como finalidade última adaptarse ás necesidades e características do centro educativo, do profesorado e do alumnado.

*Esta concreción curricular foi aprobada/actualizada no claustro do 9 de maio de 2023. Daráselle difusión á comunidade educativa por medio da mensaxería abalar, da publicación na páxina web do colexio e da posibilidade de consulta na secretaría do centro.*